

CANDÍS



REVISTA DO CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA — SOBRADELO
Nº 20 — MAIO 2006



Animaliños, representación de Caramuxo Teatro: maio de 2006



A obra Animaliños vista polos alumnos de Infantil



AQUI

também

FALAMOS PORTUGUÊS

ROCK GALEGO

Na rua da vila que me agrada a mim,
Na beira do Sil, rio de nome assim,
Na escola da Terra-Mãe onde eu nasci,
Vivo, jogo, aprendo coisas sem ter fim.

O rock, rock, rock, rock da minha terra,
Rock, rock, rock, rock da minha terra,
Rock, rock, rock, rock da minha terra,
O rock que me agrada a mim.
(Refrão)

Sou do campo, da cidade, sou do mar,
Sou do verde prado, Galiza é meu lar,
Sou da Terra, sou do Mundo que cantar
O rock galego, sempre, sem parar.

O rock, rock, rock... (Refrão)

Canto as vinhas e os pinheiros a medrar,
Canto a giesta e a mimosa a florear.
Canto a urze, canto a carqueja a brilhar,
E o sol de rosas perfumando o ar.

O rock, rock, rock... (Refrão)

Canto a eira, o espigueiro, o milho a secar,
Canto a generosa gente a trabalhar,
Canto as estrelas, canto o doce luar,
E o amor à língua que me faz sonhar.

O rock, rock, rock... (Refrão)



Hino à Galiza

Galiza, singela
De chinela ao pé
Galiza travessa
Que linda qu'ela é.

Marinheiros, pescadores,
Gente aventureira
Probos agricultores
Deram forma a esta eira.

Galiza, gaiteira
Tu marchas a cantar
Terra hospitaleira
Que Deus fez ao pé do mar.

IV
Tens silvados floridos
E prados verdejantes
Mil expertos regatos
De águas sussurrantes.

I
Compostela cidade
Catedral admirada
Dizem que a nossa
história
Ali foi começada.

Alto monte, vales profundo
Torto rio no leito
Um campo bem fecundo
Desta terra sou eu feito.

Turistas, peregrinos
Milenar tradição
Abraçam Santiago
Com muita devoção.

V
Tunas e gaiteiros
Alegria, animação
Doces sons da minha alma
Letras do meu coração.

II
Pontevedra barroca
Ourense laboriosa
Ferrol industrial
Corunha torre famosa.

Galiza a desfilar
Espectáculo de beleza
Vinde todos visitar
Esta bela princesa.

Agro-alimentar Lugo,
Vigo urbe piscatória.
Em todas o galego
É a língua da memória.

VI
És beleza sem par
És coisa nunca vista
Jardim à beira-mar
Obra do divino artista.


III
Poetas, prosadores,
Idioma é coração,
Rosalia, Castelão
Expoentes disso são.

Galiza, meu torrão
Galego, meu falar
Comigo este balão
Para te poder saudar.




MENUDO PERSOAL

unha visión peculiar dos nenos e nenas de infantil sobre o persoal do colexio.




Cociñeiras: Fan comida rica para ter a barriga chea. Teñen o pelo longo, levan mandil, gorro branco e flores. Beben auga e leite. Fan macarróns, carne, polo asado, ovos, salchichas, tortilla,... poñen a mesa e os iogures. Dín que hai que comer todo no comedor.



O director: É unha persoa gorda ou fraca, que manda no cole e toca o timbre. Manda os nenos vir ao cole e manda deberes. Se riñe e castiga, non deixa saír ao patio. É bo, e dínos "non ser malos". Escribe ben no encerado e fáinos debuxos.



Conserxe: Limpas, varre o colexio, abre as portas para que entren os nenos/as. Recolle as mochilas e as cazadoras. É boa, lista, limpa o patio, varre ben. Está guapa e péinase ben. Sabe todas as cousas. Pórtase ben.



Profesores/as: Mandan os nenos/as que estuden, que fagan as cousas ben e borran as que están mal. Non deixan que nos pelexemos na clase, nin traer bichos ao cole, nin tirar area nos ollos, nin tirar comida no lixo.


Fan as coletas ás nenas e atan os zapatos aos nenos.

Poñen PA, PA, PA, PA,.....

Son bos (bueno, un pouquiño), guapos, e listos, tocan instrumentos e saben todas as cousas que hai no recreo, non se ensucian e van á festa.


Secretaría: Está nas clases de arriba, chamando a estudar. Vaí por todas as clases, saída e os profes danlle cousas. É boa, lista, linda e leva unha flor. Ten o pelo moi longo, rubio e moreno, coa roupa bonita e botas.

Trátanos moi ben.




O xefe de estudos: o xefe de estudos estuda e leva a estudar os nenos e a todas as persoas. Manda aos maiores aprobar e traballar moito e que fagan caso aos profesores. É bo e listo, e sabe todas as cousas, fai ben as letras, toca todos os instrumentos e pórtase ben.

Mariquiña




Havia unha vez unha nena que chamábase Mariquiña que era a máis quapa do pobo e o seu pai era pobre e non tiña diñeiro




Quería comprar un coche, pero non tiña diñeiro.

O seu papa traballaba moito, pero tiña que dá comida os seus fillos.



O seu pai estaba triste, e a nena díxalle que o importante era estar xuntos.



Os dous foron felices

Autora: Sabrina Bouyone,
Ilustracións: Rocio Barceda


As poesías

dos máis pequenos

A PAZ

Somos amigos
Xuntos Xogamos
e nunca no cole
nos pelexamos.


Alumnos/as de 1º E. P.



A mamá

Mamá eres tan guapa
como unha rosa.

O meu corazón
late por ti con paixón.
Por coidarme tan ben
meu corazón eu che darei.




Dorena Amara

(1º de E. Primaria)

ADIVINAS


Ten cabra patas e moi covi-
ñeros e xoga coa pelota e cara
coellos no mont. e corra moito
Adiviña que é?

(was 0)



coas miñas aletas
aploubo e coa cabeza
a miña pelota tiroa
moi alta.


(A foca)



É un profese que ten colchonetos
e bancos e colchonetos e colchonetos
sempre trae chandal
e colexio e.

Quen será?


(Manu)



Everde por debaixo marron.
podo coller froita del.

A súa froita é de cor vermella,
esta moirica.

(A cordouca)



DATAS PARA LEMBRAR

3º de E.Primaria

12 de setembro


Foi o primeiro día de clase. Estábamos moi nerviosos, todos coas mochilas novas. Pronto nos tranquilizamos porque tínhamos a mesma profesora e compañeiros. So veu un compañeiro novo, traballa moi ben, é simpático e fai un pouco o tonto. Chamase Luís.

Melanie Alejandre e Alba Alvarez.

11 de novembro

Celebramos o magosto. Pola mañá tivemos clase normal. Pola mediodía os que ían a comer a casa comeron aquí, comimos chourizo con patacas cocidas e saímos a xogar. Os xogos que fixemos ese día no patio foron: parchis da castaña, baile cunha castaña na fronte, jockey con castañas, xogo da culler e a castaña. As cociñeiras asaron as castañas pero nos queríamos que as asaran fora porque así poderíamos chirmarnos, non foi así... Para o próximo ano será.....

Luís Fidalgo e Maikel da Silva



22 de decembro

¡Por fin chegou o desexado día das vacacións de Nadal!

Para celebralo fixemos un festival. Houbo panxoliñas en galego, inglés, castelán e portugués; bailes e obras de teatro.

Nos representamos a obra "O regalo de Margarida."

Cando se acabou o festival fomos a clase e a profe deunos as notas ¡ Que terrible ¡. Algúns ata choraron un pouco.

Andrea Morais

31 de xaneiro

Celebramos o día da PAZ, saímos todos os nenos e nenas de primaria para o ximnasio e fixemos un letreiro que ponía "TODOS AMIGOS" e pegamos nel as mans de todos feitas con papel. Despois bailamos un vals. As nenas sacaron ós nenos a bailar.

Dani Requeiro e Andrea Puente.

24 de febreiro

Neste día fixemos o Entroido no colexio. ¡Que ben o pasamos!


Fixemos unha festa de disfraces no patio do colexio.

Este ano cada clase representaba un conto .Nos fixemos os disfraces de " O frautista de Hamelín" todos de ratos e ratas.

Outros cursos foron de Brancaneves e os ananiños, Peter Pam e Campaíña, Alicia no país das marabillas, Os tres mosqueteros,...

Algúns maiores distrazáronse de Tonechos, de rapazas,... e Raúl ensinaba o pito pero era de mentira.

Adrián Tato e Daniel Ribeira.




23 de marzo

Foi o día da árbore.Pasámolo moi ben.Plantamos árbores e regaláronnos unha pegatina.Logo xogamos no patio.

Regaláronnos unha gaiola e colgouna no pino do patio o profesor Jácome.

Estela Vidal e Ana Belen Jiménez




29 de marzo

Fumos de excursión a Ponferrada.Cando chegamos fomos dereitos ás piscinas.O principio a auga estaba un pouco fría pero cando nos acostumamos a ela xa estaba quenteña.Xogamos a salpicarnos, outros a bucear e a facer "augadillas"

Despois fomos a visitar o museo da radio que se chama "Museo Lauro Olmo". Alí vimos radios desde as mais antigas as mais modernas.

Ö final fomos comer a Brujilandia e fartámonos de xogar.


Adrián Tato



3 de maio

!Excursión á Coruña! Visitamos o Acuario e o Domus.
 No acuario vimos peixes de todas as clases e ata tiburóns.
 Tocamos estrelas de mar, ourizos e tiburóns pequenos. Tamén había un calamar
 xigante morto nunha caixa de cristal.
 Logo estivemos no Domus. Alí había un corazón de vaca, de cabalo e de humano.
 Fumos a unha sala onde probamos sabores: amargo (café), ácido (limón), doce (azúcar) e salgado (sal).
 Logo fumos a oler olores: ovos podridos, menta, rosas, ...
 Vimos como nacimos e tamén uns bebés xuntos que morreron cando naceron... Isto
 impresionounos moito.
 O final vimos unha película en Magnavision.


Estela Vidal e Ana Belén Jiménez



11 de maio

Saímos moi cedo do colexio para ir de excursión a Portugal!
 O primeiro que fumos ver foi o estadio de fútbol de Braga. Despois fumos a un
 santuario que se chama o Bom Jesus. Baixamos as escaleiras que son mil
 duacentas.
 Despois de comer fumos a un parque de atraccións que se chama Bracalandia.
 Montamos en moitas cousas: casa do terror, barcas, barcos, tren, o tuiiter,
 laberinto,.... Non nos deixaron subir á montaña rusa, so deixaron os maiores.
 Chegamos ó cole as 10:30 da noite, moi cansados. Pasámolo moi ben.

Jose Manuel Moral e Mikel da Silva




19 de maio

Educación Vial en Ourense.

Aprendimos moito nesta viaxe. Primeiro explicáronnos moito rato (era un pouco
 aburrido). Despois montamos en bicicleta e por último nos cards que corrian moito.
 Había dúas rotondas, puxéronnos uns cascos e un plástico branco debaixo. Eu
 montei nun card de cor vermello e Andrea nun azul. Jose andaba moi rápido.
 Avelina, Jacone, Isabel e Beatriz estaban sacándonos fotos.
 Fumos a merendar a un parque que se chamaba "O Miró".

Daniel Gil e Andrea Morais



A GAITA GALEGA

A gaita é un instrumento musical propio de Galicia. Xeralmente dise gaita galega, aínda que máis axeitado sería dicir gaita de fol. As xentes das aldeas, Lugo e Ourense principalmente, din gaita de fol, denominación de fondo arraigo que é exclusiva do rexistro da poboación galego falante destas zonas de Galicia.

A gaita galega, basicamente, consta das seguintes partes:


O punteiro: que pode ser para tocar en aberto ou en pechado.

O fol: onde se almacena o aire que fai que soe o instrumento.

O roncón: un tubo que apoia sobre o ombreiro do gaiteiro.

O ronquete: un tubo que se apoia sobre o antebrazo dereito do gaiteiro.

O ronquillo: que sae do fol, parello ó ronquete.



Quizais a peza máis importante da gaita sexa o punteiro. Para os estudiosos deste instrumento o punteiro é a alma da gaita galega: no punteiro están as notas, enriba dil colócanse os dedos, e ademáis afina os sons e dalle o son ás melodías, etc...

PARTES DO PUNTEIRO

O espigo: que se introduce na buxa e vai encorchado ou estriado.

A mesa: é o conxunto do tope do punteiro, o que se agarra coa man para meter ou sacalo punteiro da buxa.

A gorxeira: é un baleirado fino na sección do torneado que ten unha finalidade ornamental.

O xunquillo: é o contrario da gorxeira, é dicir, un elemento ornamental consistente na realización dun relevo fino exterior ó redor.

O cono: é un ensanchamento do interior do punteiro, na parte do espigo, destinado á palleta.

A gorxa: é a parte máis fina do

díametro interior do punteiro, que está situada sempre xusto debaixo do cono.



O fuste: é a parte longa que vai entre os dous xunquillos.

Os furados: son as perforacións que ten ó punteiro destinadas á dicitación.

Os oídos: son os furados na parte baixa do punteiro que non se tapan cos dedos.

A campá: é a parte baixa do punteiro, cando a sección se ensancha considerablemente a xeito de trompeta.


A base: é o plano inferior do punteiro no que se apoiaría ó poñelo de pé.

A gaita galega constrúese con diversos materiais. Os máis importantes son:


- a) **MADEIRAS:** en xeral utilízase: buxo galego, buxo do Brasil, granadillo, cocobolo, pao santo, pao rosa, bubinga e cerdeira.

Tamén se fan gaitas cun material novo sintético chamado polipenco, un polímero de cor e textura parecido ó PVC negro, pero máis estable termicamente e con fibra de carbono.

- b) **O FOL :** faise de pel de becerro cosida, enteirizos de pel de cabrito, de látex e, na actualidade, tamén se usa un novo material chamado GORE-TEX, que é un tecido sintético, parecido ao nylon, con dúas capas que funcionan coma unha membrana osmótica e permiten a saída da humidade dende o interior do fol ata o exterior. Na gaita galega é moi importante a afinación, e para que esta sexa boa hai que distinguir:



Un cadro, unha historia



PARÍS A TRAVÉS DA VENTÁ

Era unha noite de verán moi calorosa. Eu estaba na miña cama intentando durmir. Cando o conseguín, succedume algo moi raro, empecei a elevarme desde a cama, e de súpeto, encontrábame nunha casa que eu non coñecía. Picábame o corpo e, ao rabuñarme, atopeime con uñas, o pelo moi liso de cor branca no lombo, e marrón nas patas e o rabo; as orellas tamén serían marróns ao ser un gato siamés, pero eu non as vía.

No mesmo cuarto había unha muller duns sesenta anos. Ela, ao verme alporizado, dixo algo que a min me soou "Bonjour! Chaton, Que se passe-t-il?". Cando mirei pola ventá, vin como unha especie de pirámide de ferro. Decateime que estaba en París e que esa era a Torre Eiffel; estaba na cidade do amor. Detrás dela había un montón de edificios altos. Un deles chamoume moito a atención, xa que del colgaban unhas flores rosas moi grandes e moi bonitas. Na rúa algunha xente ía apresurada, era a xente do negocios, outros paraban a facer fotos da Torre Eiffel, xa que eran turistas. Quería coñecer todos os lugares bonitos e famosos de París: Notre Dame, a igrexa da película, os Campos Elíseos, para pasear e deitarme a tomar o sol, e coñecer unha gatiña moi fermosa de cor branca, de moito pelo e cun lazo cor de rosa.

Iso só eran soños. De súpeto, espertei na miña cama, todo fora un soño, pero moi bonito. Pola mañá contéillelo aos meus pais e dixéronme que era unha nena moi sortuda por ter moita imaxinación. O que aínda non entendo é como me convertín en gato e non en gata.

Natalia Martínez Calvo. 2º E.S.O

LORENA E AS NUBES

Era unha vez unha nena chamada Lorena, e era moi imaxinativa. Sempre estaba imaxinando cousas, pero era moi estudiosa.

Un día soleado, a nena estaba na casa e decidiu saír para ir tomar o sol na praia.

Como se aburría, decidiu deitarse a durmir a sesta, observando as gaviotas que buscaban alimento nos barcos pesqueiros, ou elas mesmas pescaban os peixes. Quedou adormecida.

Cando espertou, eran as dez da noite e estaba comezando a escurecer. O sol estaba empezando a gardarse e quedaba un poñente moi bonito porque había algunhas nubes e ela empezou a buscarlles forma. Decía que parecían uns guerreiros cos seus cabalos loitando. Pero a ela que non lle gustaba a loita. Buscaba outras formas de ver as nubes. Entón viu unhas que parecían unha piscina cos nenos xogando ao balonmán dentro.

Foi para a casa e a súa nai xa estaba moi preocupada. Ceou e contoulle á nai o que

María Luísa, 2º ESO




A NENA ENCERRADA NO SEU CUARTO

Onte pola tarde, despois de comer, unha amiga miña chamada Estrela, que chegou hai pouco ao colexio no que eu estudo, contoume como lle fora a vida cos seus pais biolóxicos.

Díxome que ela tivera que escapar da súa casa porque os seus pais maltratábana; non a deixaban ir ao colexio e nin sequera lle permitían saír da casa. Ela pasou toda a súa vida encerrada no seu cuarto, non podía nin saír a comer. Dixo que pasaba todo o día mirando pola ventá do cuarto, que daba ao mar, e que cando miraba púñase moi triste ao ver toda a xente divertíndose na praia, e ela non podía ir, nin sequera sabía como era a textura da area do mar. Di que cando o mira pensa en moitas cousas, como por exemplo, por que os pais non a deixan saír da casa, por que lle pegan cada vez que o intenta, por que ela non pode ser coma os demais nenos da súa idade, por que non lle permiten ir ao colexio... Estas preguntas facíaas mentres miraba o mar, e moitas veces tamén llas facía ao mar, e quedaba esperando unha resposta, pero nunca lle respondeu.

Díxome que moitas veces quixera escapar pola ventá do seu cuarto, e que nunca se atrevera, e que, por fin, conseguira fuxir un día que os pais marcharan de compras e esqueceran pechar a porta.



CLASE DE TITORÍA, TITOR CON CLASE

Despois de xantar subimos á clase e esperamos polo noso titor, Miguel, como facemos todos os xoves. Pero este foi distinto. Saímos fóra do colexio dar un paseo. Fomos por un camiño que ía pola beira do río e por detrás do noso colexio. Pasámolo moi ben porque nada máis saír fixemos unha carreira de carranchetas e, aos que gañaran, Miguel poñíalles a un dez en ximnasia. Pero todos cansamos antes de chegar.

Continuamos camiñando e atopámonos cun can enorme que non paraba de ladrar. Seguimos un pouco máis e vimos unha culebra moi grande que nos colleu medo e desapareceu.

Demos a volta e un pouco despois pasamos por diante dunha caseta abandonada.

Cando baixamos á beira do río comezamos a facer o salto da rá tirando pedras e ao subir para o camiño volvemos tiralas dende arriba, pero esta vez, para ver quen era o que chegaba á outra beira do río. Cando chegou a hora de marchar, iamos todos despacio para chegar tarde á seguinte clase. Xa no colexio, fomos todos á fonte a beber e a refrescarnos, e subimos á clase.


Alba Dosouto López (1º ESO B)

- a) **A lingüeta do roncón:** que se constrúe con tubo de cana. Ten uns oito milímetros de diámetro e está pechado por un dos extremos, e aberto por outro, por onde sae o aire cara ao exterior, a través do tubo do roncón.
- b) **A pita do punteiro:** que se constrúe cunha lámina da parede da cana, duns cincuenta mm. de lonxitude e seis mm. de ancho. Esta lámina móllase en auga para abrandala e fáiselle unha muesca polo centro da peza, dóbrase sobre un tubo metálico de latón para a súa modelaxe. Para afinala, os beizos de pita recórtanse a cana ata que dea o ton axeitado ó punteiro á que vaia destinado.

Brais Guitián Castro
1º de ESO
(Vén da páx. 10)

MÓBILES

SARA LOPES DA SILVEIRA, 4º ESO B



Ola, eu son... un teléfono móbil. A miña familia apareceu en 1973, en Estados Unidos. Dende entón xa imos na terceira xeración. A primeira xurdíu en 1979 e utilizaban un sistema analóxico. A segunda chega en 1990; é a que emprega tecnoloxía dixital. E coa terceira, a partir de 2001 xa se pode navegar por Internet.

Eu funcióno grazas a unhas pequenas celas que permiten que miles de persoas usen o teléfono ao mesmo tempo.

Os da miña especie temos dentro uns transmisores que funcionan con baterías, e consumimos pouca enerxía.

O meu corpo está constituído polas seguintes partes: un circuito integrado, unha antena, unha pantalla de cristal líquido, un teclado, un micrófono, unha bocina e unha batería.

¿E para que me utiliza a xente? Para facer chamadas de voz, enviar mensaxes de texto (SMS), imaxes (MMS) e incluso navegar por Internet. Ademais, algunhas persoas utilízanos para xogar, para programar os electrodomésticos, para facer a compra ou pagar o autobús; e aínda vos queda moito por descubrir sobre as miñas funcións.

A miña vida é un desastre porque, a pesar de ofrecer moitas comodidades, deixades que caía ao chan, cambiades de móbil cando xa estades fartos do que tedes e incluso pagades os vosos erros comigo. E, tristemente, chega un día que xa non me queredes e abandonádesme por outro máis moderno ¿E que faredes comigo? Pois o máis seguro é que me tíredes ao lixo, pero ¿sabede que existe unha palabra chamada **RECICLAXE?**

En fin, que triste é o final dos aparellos tecnolóxicos!

SMS EN GALEGO

En que idioma FALA o teu móbil? Ofrece a opción galego? Por agora é practicamente imposible seleccionar o noso idioma. Por ese motivo algunhas organizacións reclamaron ás compañías e ao goberno que o galego estivese presente nos teléfonos. A lingua galega tamén se usa nas mensaxes de texto, velai:

A LINGUA DOS SMS

Ao escribir un SMS o que prima é a brevidade, o aforro: aforrar letras para poder escribir máis palabras. É unha especie de taquigrafía moderna e bastante espontánea, non se aprende en escolas, pero hai moita xente que domina este tipo de escrita. Algunhas das súas características son:

1. Elimínanse os artigos. Ex.: Tráeme o libro..... trm lbr.
2. Non hai acentos. Ex.: Tes toda a razón..... ts tda razn.
3. Para os sufixo que indica profesión, engádesse a letra r.
Ex.: mensaxeiro..... msxr.
4. Normalmente elimínanse as vogais. Ex.: Cangas..... kngs.
5. A letra K substitúe a sílaba -ca. Ex.: Casa..... ksa.
6. O que queda reducido a simple q: queres?..... qrs?.
7. Pódense usar todos os signos do teclado: Éme iguall..... m=l
8. A sílaba es convértense en s líquido: Estar..... str.



A vida por dentro

Texto elaborada por Natalia, M^a Luísa, Adrián, Marcos, Flavio, Lorelai, Esther, Almudena, Diego e Xesús, de 2^a de ESO, presentado ao concurso **Clases sen fume**.

Alan é un rapaz de 19 anos, xogador dun equipo de baloncesto famoso. O sábado do partido notouse canso mentres xogaba. Un día fumando na rúa, atopouse moi mal. Os pulmóns comezáronlle a fallar. Entón caeu na beirarrúa desmaiado pola falta de osíxeno. A súa amiga Antía que estaba con el chamou pola ambulancia.

(No interior do corpo. Polonio e Pulmonio, os pulmóns de Alan, falan do tema)

POLONIO:-
Pulmonio, tes moi mala cor.
Atópaste ben?

PULMONIO:- Non, amigo, non estou nada ben. Isto de que Alan fume, estame a matar. Ti tampouco tes boa cor.

POLONIO:- Tes razón, o fume do tabaco é moi malo para nós.

PULMONIO:- Agora, as consecuencias estámolas a pagar.

(No hospital. Alan está nunha padiola, moi pálido. Os seus amigos Anxélica, Anxo e Antía están ó seu carón, cando el esperta todos o atacan con preguntas.)

ANXÉLICA:- Estás ben?

ANXO:- Déchesnos un susto de morte.

ANTÍA:- Tranquilos rapaces, falade de un en un.

ANXO:- Tes que te coidar, senón un día xa non o contas.

ALAN:- Vou ter que facer un

esfuerzo por deixar de fumar. Agora cánsome moito máis.

(Ó saír do hospital. Alan é moi coñecido na zona. Por iso, ao saír do hospital está a prensa esperándoo.)

REPORTEIRA:- Alan, Alan pódoches facer unhas preguntitiñas?

ALAN:- Claro.

REPORTEIRA:- Xa estás mellor?

ALAN:- Si, por sorte xa saín do hospital

REPORTEIRA:- Cal foi a causa dese desmaio?

ALAN:- Din os doutores que a causa é do tabaco. Os pulmóns non resistiron, levo fumando moito tempo.

REPORTEIRA:- Vas deixar de fumar despois deste incidente?

ALAN:- Intentareino.

REPORTEIRA:- Seguro que todos te van apoiar, moita sorte nesta "loita antitabaco". Se o acadas será un bo exemplo para os rapaces.

ALAN:- Moitas grazas e ata logo.

(Na casa, cos seus amigos. Alan pídelles axuda ós seus amigos, non sabe qué facer para deixar de fumar. Antía, que é algo esperta no tema, xa que a seu pai lle custara moito deixar o tabaco, explícalle o que ela sabe)



ANTÍA:-Existen no mercado uns parches de nicotina que che axudan a deixar de fumar. Meu pai probounos e con eles deixou de fumar. Poderías ti facer o mesmo, pero penso que tes que poñer moita forza de vontade.

ALAN:-Claro, por probar non perdo nada. A partir de mañá vou deixar de fumar.

ANXÉLICA:-Eu creo que terías que facelo agora mesmo, nós axudaremosche e apoiaremosche.

ALAN:-Hoxe vou fumar por última vez. Imos ó cine?

ANXO:-Vale, a verdade é que xa vai moito tempo que non imos os catro xuntos.

ANTÍA:-Pois hoxe imos.

(No cine. Chegan os catro, hai moita cola para mercar as entradas.)

ANXO:-Que película vemos?

ANTÍA:-Eu quero ver unha de amor.

ANXÉLICA:-Non, Antía, unha de medo.

ALAN: -Gústame moito as de medo.

ANXO:-Pois, unha de medo. Que vos parece *Os vampiros da casa enmeigada*.

ANXÉLICA:-Si, esa.

(Mentres Anxo e Alan esperan na cola, as rapazas van mercar os refrescos e as palomitas.)

(A todos lles gustou a película menos a Antía, que pasou moito medo. Ían para a casa de Alan a comentar a película e a ver outra, cando viron unha farmacia)

ANTÍA:-Alan, non compras os parches?

ALAN:-Non, Antía. Creo que se me distraio, non penso no tabaco, non me

dan ganas de fumar.

ANXO:-Moi ben dito, Alan, cunha pouca forza de vontade conséguese o que se quere.

(Xa na casa de Alan, Antía escolle unha peli romántica. Custoulle moito, xa que todas as de amor lle gustan. No interior do corpo, Polonio e Pulmonio apuntáronse.)

PULMONIO:-Pero non chores Polonio, senón hasme facer chorar a min.

POLONIO:-Non o podo evitar. Con estas películas, sempre choro.

PULMONIO:-Alan xa deixou de fumar, agora nós empezaremos a sentir mellor e máis fortes.

POLONIO:-Alan aprendeu unha lección e non a vai esquecer tan facilmente.

PULMONIO:-Eu non sei por qué a xente fuma sendo malo para a saúde. E case non teñen sitios para facelo, xa que nos lugares públicos non se pode.

FIN



LETRAS GALEGAS 2006

ENTREVISTA A MANUEL LUGRÍS FREIRE

Os intrépidos xornalistas de 3º de ESO conseguiron unha entrevista desde o alén co autor homenaxeado este ano. Velaí o que foi a súa vida e a súa obra.

PREGUNTA: ¿Cando e onde naceu?

RESPOSTA: Nacín en Sada en 1863.

P: ¿Con cantos anos empeza a traballar?

R: Empecei con 17 anos no concello de Oleiros, como contable.

P: Fálenos da súa etapa de emigrante en Cuba (datas, motivos, experiencias, relacións...).

R: En 1883, ao cumprir os 20 anos, emigrei á Habana (Cuba), tras os pasos do meu irmán Plácido. Empecei traballando de contable, e participei en varias iniciativas culturais. Alí publiquei o primeiro xornal en galego da emigración, *A gaita gallega*, que dirixín xunto con Armando Teixeira desde 1885. Tamén me relacionei con Curros Enríquez, que prologou o meu primeiro libro, *Soidades*. E tamén me dediquei ao teatro.

P: ¿Cal foi a súa primeira obra en galego?

R: O meu primeiro libro en galego foi *Soidades*, un conxunto de poemas que publiquei con 31 anos.

P: Ao volver a Galicia, ¿cales serán as súas dedicacións?

R: Establecínme na Coruña e alí colaborei coa Cova Céltica. Hai que lembrar que era un grupo de intelectuais que crían no pasado celta de Galicia e de alí saíron moitas

iniciativas culturais e políticas. Nese período escribín moito, sobre todo narracións e teatro. Alén diso, participei na política da época: fun agrarista e nacionalista. E formei parte do Seminario de Estudos Galegos.


P: ¿Con quen casa? ¿Cantos fillos tivo?

R: Primeiro casei con Concepción Horta en Cuba e tivemos unha filla. Pero ao voltar a Galicia, ela morreu e máis tarde casei con Purificación González. Tivemos cinco fillos, un deles foi un pintor moi famoso, Urbano LUGRÍS.

P: Vostede pronunciou un dos primeiros discursos públicos en galego. Cóntenos algo sobre iso.

R: Si, foi en Betanzos en 1907. Tratábase dun mítin de





Solidaridad Gallega, que eu axudara a fundar. Era un grupo agrarista, que loitaba pola mellora do campo galego e da vida do labrego.

P: ¿Como foi a súa participación nas Irmandades da Fala?

R: Eu participei na súa fundación en 1916 e colaborei moito no seu periódico *A Nosa Terra*. O que queríamos era levar o idioma galego a todos os ámbitos da sociedade: a escola, a xustiza, a ciencia, etc.

P: ¿Que relación tivo coa Real Academia Galega?

R: Participei na súa fundación. Queríamos elaborar un dicionario e unha gramática e impoñer unhas normas ortográficas. Cheguei a ser presidente entre 1934 e 1935, pero tíveno que deixar por motivos de saúde.

P: ¿E como viviu todo o proceso do Estatuto de Autonomía de 1936?

R: Empecei a elaborar o anteproxecto xunto con Alexandre Bóveda, en 1934, e participei en numerosos actos nacionalistas. Pero chegou a guerra e acabou con todo iso.

P: ¿Cales considera vostede como os seus libros máis importantes?

R: Seguramente hoxe en día, o que máis se lembra son os *Contos a carón do lar* e os *Contos de Asieumedre* (ese era un dos meus pseudónimos, ademais de K.ÑOTO, Roque

das Mariñas e L.U.Gris. Mais, talvez, o que eu destacaría é o teatro, sobre todo *Mareiras*, *Minia* e *A Ponte*. E logo, en poesía, *Ardencias*, *Mariñas de Sada*, *Soidades* e *Noitebras*.

P: En canto ao teatro, ¿que considera vostede como máis destacado?


R: O teatro sempre me interesou. Xa en 1903 fundei a Escola Rexional de Declamación, para formar actores. Ademais escribín numerosas obras. A primeira, *A costureira da aldea*, publiquéina en Cuba en 1885. Despois estreei *A Ponte*, *Esclavitú*, *Minia*, *O pazo*, etc. En case todas as obras hai unha historia de amor e unha crítica ao caciquismo.

P: ¿Como viviu a experiencia da Guerra Civil?

R: Foron os anos máis duros da miña vida, porque tiven que ver como dous dos meus fillos loitaban en bandos distintos, o que é unha auténtica desgracia. Ademais, neses anos enfermei.

P: Vostede foi autor dunha *Gramática do Idioma Galego*. ¿Que quixo achegar con ela?

R: Eu recollín o que aparecía nas gramáticas anteriores. Pretendía axudar a recuperar a lingua galega. Foi a primeira escrita en galego.



ANDORRA


O mes de marzo no colexio foi interminable. Parecía que non ía rematar xamais. Unha sensación en certo modo producida polo agobio dos exames finais, pero sobre todo polas ganas con que esperabamos o comezo do mes de abril para marchar de excursión. Por fin, a tan esperada excursión chegaba.



Logo da saída do colexio, o sábado pola tarde, a viaxe nocturna que nos agardaba era algo longa e cansada, pero iso non era escusa para pasar un bo primeiro día de excursión, o chamado día 0 ou día-bus, como vos guste máis... No autobús ninguén durmía, agás Berta e Miguel, os profes que



viaxaron connosco (un pouco á forza) e a quen lles agradecemos enormemente o esforzo.



A primeira noite foi un bo comezo, aínda que algo esgotador, iso si. Aquel bus parecía un barco sen motor sucando un inmenso mar de estradas e autoestradas que nunca remataban... Foi unha noite para o recordo, onde a temperatura comezou a subir, sobre todo nas prazas traseiras do autocar...

Sobre as dez da mañá do domingo cruzabamos a fronteira de Andorra, o novo país onde iamos pasar unha moi boa semana de esquí e diversión. Ata as dúas da





tarde non entramos no hotel. Antes diso, cada un tivo que ir comer pola súa conta, e aí tivemos o primeiro contratempo. Unha camareira, algo torpe, todo hai que dicilo, tirou por riba miña e de Adrián a comida que nos traía. Déronnos ganas de marchar, pero a fame e o cansazo podían máis ca nós, polo que quedamos alí para acabar de comer.

O resto que fixemos nese día 1, ou día-hotel, foi recoller o material de esquí que iamos usar durante toda a semana. Ben, usar e, nalgúns casos, estragar.

A primeira noite no hotel foi quizais a máis relaxada. O cansazo da viaxe podía máis ca nós, pero aínda así houbo xa os primeiros xogos loucos e

o s intercambios de persoas entre distintos cuartos. En fin, nada máis alá do que p a s a habitualmente n u n h a



excursión deste tipo.

Ás 7:45 da mañá soou o espertador e, co corpo sen apenas forzas e cun sono que non viamos, encontrámonos todos de novo no comedor, onde todos os día almorzariamos antes de subir cara ás pistas de esquí. O día 2, día-caídas, fixemos iso, caer. Foi o día en que, con algunha excepción, a maioría se iniciaba no esquí, e foi un día duro, cansado e con moita calor. Descubrimos, ademais, que a comida do restaurante da vila non era de todo como esperabamos.

Claro que non todo foron desgracias e contratempos. Este primeiro día tamén foi un día de facer amizades con alumn@s doutras excursións, que, co paso dos días, converteríanse en moito máis que amizades. Foi un día de coñecer: @s amig@s, os monitores e a pista de Arinsal, onde estaríamos




toda a semana, un día "guai", para recordar. As primeiras sensacións, as emocións, as mozas que iamós coñecendo...

A media tarde, baixada cara ao hotel e un baño. Algúns descansaban, outros facían o seu paseo polas rúas de Andorra, antes da hora de cear. E pola noite viña o mellor. Algúns cuartos convertéronse en verdadeiras festas, con música disco e todo. O peor volvía vir pola mañá, cando




soaba de novo o espertador e tocaba pór en pé ese corpo, que en vez de descansar, estaba aínda máis fatigado e rendido. Pero non había outro remedio, estabamos xa no día 3, ou día da primeira resaca, como queirades chamalo.

O martes presentábase cunha



mañá resplandecente. O sol brillaba con toda a forza, e iso supuña unha dificultade máis para o noso segundo intento de practicar esquí. Os máis avanzados xa facían as súas primeiras baixadiñas, e outros conformábanse con parar de cu e romper os esquí facendo freadas arriscadas. Tamén foi un día bonito, en que as relacións co grupo canario experimentaron un cambio moi positivo. As primeiras parellas



galaico-tinerfeñas comezaron a tomar xeito.

Na volta cara ao hotel, máis do mesmo, a duchiña, unha boa cea para repoñer forzas e xa tocaba

festa. Nalgunhas habitacións máis ca noutras, pero iso si, festa tocaba en todas!

E chega o mércores, ou día das primeiras loucuras. Os corpos na neve xa empezaban a pagar a factura do esgotamento. Con todo, logramos perfeccionar as nosas técnicas e cometemos as primeiras



loucuras: por exemplo, baixar por unha pista negra media antes da saída do bus, e cunha tormenta a punto de caer. Por sorte, conseguín chegar a tempo ao autocar, non sen antes provocar unhas cantas caídas no descenso.

Unha vez listos, volta, ducha, compras e repoñer forzas. E ao remate, unha nova noite de festa, sen control. As propias bañeiras convertéronse en auténticas piscinas onde dar saltos en bomba.

Xoves, día 5 ou día-Caldea. Ese é o nome do balneario ao que fomos, unhas preciosas instalacións de augas termais, onde gozamos moito durante parte da noite. Ao saír, de volta ao hotel, había festa que había nunha discoteca, se se lle

pode chamar discoteca a aquilo; o River ao seu lado é unha virguería, con iso xa vos digo todo. Nós non fomos, dábanos igual, tiñamos festa propia nas habitacións, e sobre todo nesa noite tiñamos que gozar a tope porque era a última que iamos pasar no hotel.

E por fin chegou o venres, ou día-despedida. Foi un día triste, tocaba volver a Galicia, despedirse de todo: monitores, amig@s, máis que amig@s... A iso das sete e media, e despois da derradeira tarde de esquí e das últimas compras, saímos de volta. E aí xa hai menos que comentar, todos durmimos o dobre ca na ida, pero



foi un pouco máis cariñosa. Sobre as nove da mañá chegamos ao colexio, cunhas ganas tremendas de pillar a cama. Pero, aínda quedaba o peor: AS NOTAS. Claro, que todos sabían o que lle tocaba.

En resumo: unha boa excursión, que seguramente todos repetiríamos sen dubidalo!!!

TEXTO: David Álvarez

FOTOS: Valentina López e Diego Álvarez

AS RECEITAS DA CLASE DE FRANCÉS

SALADE NIÇOISE

INGRÉDIENTS POUR QUATRE PERSONNES:

100 grammes de riz, 4 tomates, 1 poivron vert, 1 oignon, 4 oeufs, 50 grammes d'olives, une boîte de thon, une petite boîte de maïs, 3 cuillères d'huile d'olive, 1 cuillère de vinaigre sel et poivre.

Faire cuire le riz pendant 20 minutes. Faire cuire les oeufs pendant 10 minutes dans l'eau. Éplucher l'oignon. Laver les tomates et le poivron vert. Mettre dans un saladier le riz, les tomates, les oeufs, l'oignon, le poivron vert et le maïs. Ajouter les olives et le thon.

Mélanger dans un bol le sel, le poivre, l'huile d'olive et le vinaigre, et verser sur la salade. Mélanger délicatement et servir frais.

CRÊPES AU FROMAGE

INGRÉDIENTS POUR QUATRE PERSONNES:

200 grammes de farine, 125 grammes de fromage râpé, un peu de sel, 3 oeufs, un demi-litre de lait, 50 grammes de beurre, sel et poivre.

Vous mettez la farine dans un saladier, vous ajoutez le sel et les oeufs, et vous mélangez. Ensuite vous ajoutez le lait et vous mélangez de nouveau. Vous mettez un peu de beurre dans une poêle chaude et vous versez de la pâte.

Quand la crêpe est cuite d'un côté, vous la retournez. Vous ajoutez du fromage râpé, vous pliez la crêpe et vous la servez chaude.

Grupo de francés, 1º ESO

CRÓNICA DUNHA AVENTURA: PGS

Como case todos sabedes, no noso centro existe un Programa de Garantía Social para aqueles que non acadaron o Graduado. Este ano o noso grupo estivo formado por oito alumnos (tres en perruquería e cinco en carpintería). Por circunstancias que non veñen ao caso, estamos a piques de rematar o curso unicamente dous alumnos e unha alumna.

Os comezos desta aventura foron bos, xa que a relación cos compañeiros sempre foi boa. O noso horario baséase en realizar actividades de reforzo nas materias básicas (matemáticas, lingua, inglés...) durante tres días no centro, e os dous restantes realizamos prácticas na empresa CUIRE na Medua e na perruquería DUAR de Vilamartín.

A estas alturas os nosos coñecementos de carpintería son elevados. Ao longo do curso aprendemos a realizar tarefas como tonce, puído...

Nas prácticas de perruquería o primeiro que se fai é lavar cabezas. Ás primeiras clientas saíron un pouco molladas, pero ao final chégase a ser unha experta neste apartado. Tinguir, peitear, poñer rulos, facer a manicura e depilación foron as principais tarefas durante o curso.

Temos que dicirvos que a experiencia foi moi positiva e queremos aconsellar aos alumnos e alumnas que desexen aprender un oficio que veñan a este centro, seguro que non se arrepentirán.

Andrea, Carlos e Kevin, P. Garantía Social

PASATEMPOS

Elaborados polos alumnos de 4º ESO A

SUDOKU

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 4 | | 5 | 9 | 6 | | | 3 |
| 2 | | | | 1 | | | 4 | |
| | 6 | | | | | 1 | | |
| 4 | | | | 3 | | 2 | 6 | |
| | 2 | 5 | 7 | | 9 | 3 | 1 | |
| | 3 | 9 | | 6 | | | | 8 |
| | | 2 | | | | | 3 | |
| | 1 | | | 2 | | | | 6 |
| 3 | | | 4 | 5 | 1 | | 8 | |

LABIRINTO

Atopa o camiño para chegar a B desde A



CRUZAPALABRA

| | | | | | | | | | |
|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | | 5 | 6 | 7 | 8 | |
| 9 | | | | | 10 | | | | 11 |
| 12 | | | | | 13 | | | | |
| 14 | | | | 15 | | 16 | | | |
| | | | 17 | | 18 | | 19 | | |
| | 20 | 21 | | | | 22 | | | |
| 23 | | | | 24 | | | | | |
| 25 | | | 26 | | 27 | | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | 32 | | 33 | | | |
| 34 | | | | | | 35 | | | |
| | 36 | | | | | 37 | | | |

3 letras

ajo así ecu mes ser vip

4 letras

aman aros asir azor azur gema
gong gurú lasa loro nana napá ocas
olas osar rapa raso saga unen usar
vaso vela

5 letras

Ibiza izada naval pulir reloj Urano

6 letras


dragón granel Isabel odisea salami
sigilo

8 letras

Islandia


O CORTE DO PASTEL

Preténdese dividir o pastel cilíndrico da figura en 8 anacos iguais, pero soamente en 3 cortes.
¿Cómo serían esos cortes?



ENXEÑO DE ESCARBADENTES

Coloca dezaseis pauciños como mostra o diagrama, e saca catro para que queden só catro



SOPA DE LETRAS

Intenta atopar os nomes dos personaxes de cómic que aparecen na lista







- ASTERIX
- BARBARELLA
- BATMAN
- BLUEBERRY
- CALVIN
- CARLITOS
- CARPANTA
- FRITZ
- HOBBS
- HULK
- MAFALDA
- MANDRAKE
- PATORUZU
- RANXEROX
- ROMPETECHOS
- SNOOPY
- SPIDERMAN
- SPIROU
- SUPERMAN
- THOR
- TINTIN
- VALENTINA
- ZIPI

SOPA DE CLÁSICOS (Iria Tato, 3º ESO)

Busca os nomes destes dez personaxes que interviñeron na guerra de Troia:

- Afrodita
- Apolo
- Aquiles
- Héctor
- Helena
- Menelao
- Paris
- Patroclo
- Príamo
- Zeus





LETRAS GALEGAS 2006

MARATÓN DE LECTURA



Para celebrar o día das letras galegas os alumnos e profesores lemos textos de autores galegos, tanto en verso como en prosa. Por suposto, non faltaron os contos de Manuel Lugrís Freire, o autor a quen se lle dedica este ano. E aquí tedes as fotos.